

Ventá quecedora

Autor: Rubén Vázquez Conde

Centro: IES Plurilingüe Rosalía de Castro



Índice

Problema a resolver e análise do problema

Solución do problema

Materiais

Instruccións de uso e mantemento do obxeto

Conclusión

Problema a resolver e análise do problema

Como todos sabemos, en tempos de pandemia hai que manter as ventás abertas para que se ventile a aula. Pero isto ten un inconveniente: fai frío, porque as clases son nas tres estacións máis frías.

Este problema ten unha fácil solución, que é vir abrigados á clase, poñerse o abrigo, ou incluso levar unha manta. Pero isto ten uns problemas:

- O alumno/a está incomodo/a porque ao ter unha manta ten que moverse con abrigo que seguramente teña un gran volume.
- O profesor/a tamén estará incómodo/a ao ter que explicar con algo que ocupe moito espazo dado que precisa moverse pola aula.
- É molesto porque os abrigos fan ruído se a persoa que viste móvese moito, e isto desconcentra ó alumnado e ao profesorado.

Solución do problema e conclusión

O primeiro que descartei foi o do abrigo e o da manta porque os seus inconvenientes eran superiores ás súas vantaxes. Despois ó pensar no calefactor ou no radiador pensei en que ó mellor unha boa idea sería poñelo na ventá.

E entón fixen un marco onde poñer o calefactor para despois colocalo na parte baixa para que o aire quente ascenda. Despois, para que o aire non viñese frío de fóra e que o calefactor traballase máis, o que gastaría máis enerxía -que nos últimos tempos tampouco está barata- obtendo aire máis ou menos quente de dentro. O problema é que ese aire podería estar contaminado, entón o que se lle habería que engadir sería un filtro ao tubo para que no caso de que houbera un contaxiado na sala, non contamine aos outros.

Materiais

- Unha estrutura de madeira que se colocaría nas ventás
- Un metacrilato que semella o cristal dunha ventá
- Calefactor para queentar o aire que contén un motor conectado a un ventilador que move o aire. Tamén hai unhas resistencias que son as que queentan o aire
- Tubo de plástico que colle aire de dentro para alimentar o calefactor cun filtro para que non pasen os virus, que tamén colle un pouco de aire do exterior

Instrucións de uso e mantemento do obxeto

Proxecto de Tecnoloxía

Instrucións de uso:

1. Comprobar que o aparato ten as medidas da ventá
2. Colocar o obxeto no interior coa parte co punto vermello mirando para o interior da habitación
3. Darlle ó interruptor

Mantemento do obxeto:

1. Non colocar ó revés
2. Non tirar contra o chan ou facer calquer cousa que o poida dañar
3. Con este aparello poderase usar en todo tipo de ventás porque é portátil e pódese reusar sen ter que obter un para cada ventá. Un problema podería ser que non teña as medidas da ventá, pero se se ten ventás de máis ou menos o mesmo tamaño, poderíase usar nas diferentes fiestras pedindo unha a medida. Outro problema sería algúns materiais non son de moi boa calidade. Aínda así, todos eses erros poderían ser mellorados e perfeccionar o aparello.
4. Unha gran cualidade deste proxecto é que calquera persoa pódeoo reproducir na súa casa con materiais que se poden atopar en casa, ou gastando, como máximo 100 euros. Non usar con chuvia
5. Non colocar ningún obxeto ou pezas de roupa (mantas e trozos de tea) diante do obxeto cando este estivera funcionando
6. Non tirar productos inflamables ao aparello
7. Non usar para provocar un incendio en bosques, vivendas, etc
8. Non usar partes do aparello para provocar danos noutra persoa ou a unha propiedade doutra persoa
9. Non xogar con el

Conclusión

Con este aparello poderase usar en todo tipo de ventás porque é portátil e pódese reusar sen ter que obter un para cada ventá. Un problema podería ser que non teña as medidas da ventá, pero se se ten ventás de máis ou menos o mesmo tamaño, poderíase usar nas diferentes fiestras pedindo unha a medida. Outro problema sería algúns materiais non son de moi boa calidade. Aínda así, todos eses erros poderían ser mellorados e perfeccionar o aparello.

Unha gran cualidade deste proxecto é que calquera persoa pódeoo reproducir na súa casa con materiais que se poden atopar en casa, ou gastando, como máximo 100 euros.